



RESOLUCIÓN DO 13 DE XUÑO DE 2012 POLA QUE SE ANULA O CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE XEFES DE NEGOCIADO PARA O PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Mediante Resolución do 1 de marzo de 2012, publicada no DOG nº 46, do 6 de marzo, convocáronse dúas edicións do curso FC12111 Perfeccionamento de xefes de negociado para o persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na base décima a) da Resolución do 1 de marzo de 2012 establécese o seguinte:

“Décima.- Facultades da EGAP

a) A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e a xestión dos cursos, e pode suprimir algún, ampliar novas edicións da programación ou programar outros cursos diferentes cando así veña esixido por circunstancias que lle afecten a súa organización ou docencia. Así mesmo corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.”

A diminución nas transferencias de financiamento á Comunidade Autónoma de Galicia en concepto de formación para o emprego nas administración públicas e de acordo coa política orzamentaria, que implica o necesario equilibrio entre ingresos e gastos, esixe nestes momentos efectuar un axuste nos créditos asignados inicialmente á Escola Galega de Administración Pública, de acordo co principio de austeridade que preside a xestión do gasto público.

En consonancia co exposto no parágrafo anterior, e co obxectivo de cumprir a normativa en materia de estabilidade orzamentaria e déficit público,

RESOLVO

Anular as dúas edicións do curso FC12111 Perfeccionamento de xefes de negociado que ían desenvolverse na modalidade de teleformación do 3 de setembro ao 26 de novembro de maneira simultánea, convocadas por Resolución do 1 de marzo de 2012.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2012.



O DIRECTOR DA EGAP

Pablo Figueroa Dorrego